PLANS DE INNOVACIÓN – CONVOCATORIA INNOVAPEME 2024, IN848D

INSTRUCIÓNS BÁSICAS PARA CUMPRIR AS OBRIGAS DE INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN

As responsabilidades que os beneficiarios da axuda deben cumprir en materia de información e comunicación no referente ao apoio (cofinanciamento) procedente dos fondos propios da Comunidade Autónoma están identificadas nos artigos 27 ix e x da convocatoria.

Neste documento se detallan unhas breves indicacións de como cumprir parte destas obrigas que se inclúen na normativa.

1. PUBLICIDADE NAS DEPENDENCIAS DA EMPRESA.

Durante a execución do Plan de innovación, no que se refire a xustificación da realización das actividades, e fases de verificación e auditoría e compromisos adquiridos, deberá figurar nun lugar ben visible ao público, por exemplo á entrada das dependencias da empresa, un cartel informativo de tamaño mínimo A3, que mencione o Plan de innovación e o cofinanciamento polo Instituto Galego de Promoción Económica.

Para demostrar o cumprimento desta obriga é necesario gardar como proba documental da súa colocación (por exemplo, fotografía do emprazamento físico onde se coloque e na que haxa constancia da data na que foi realizada).

2. PUBLICIDADE NA PÁXINA WEB DA EMPRESA.

No caso de que a empresa beneficiaria dispoña de web deberán publicar a concesión da axuda e mantela actualizada. Na páxina de portada e acceso á web da entidade debe figurar unha lapela AXUDAS.

Ao acceder a esta lapela como mínimo visualizarase a imaxe do cartel de publicidade (detallado no apartado anterior), sen descartar calquera información sobre a axuda e alcance do Plan de innovación que o beneficiario considere oportuno.

3. OUTROS MATERIAIS

Na documentación para difusión que teña relación co Plan de innovación, carteis, propaganda, publicacións, vídeos, ... deberá facer mención expresa ao cofinanciamento polo Instituto Galego de Promoción Económica e a axuda da que se é beneficiario.